

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 04/04/1970**

**Colección:**

**Data:** 04/04/1970

**De:**

Ricardo Palmás;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Temáticas:**

*Xogos Frorae do Idioma Galego*; Artes; Artes visuais; Emigración; Espazos artísticos; Exposición de Luis Seoane. Madrid. 1970; Migracións;

**Mencionados:**

Xesús Alonso Montero; Ernesto Guevara, Che; José Martínez Romero; Manuel Puente; Sigfrido Radaelli; Maruxa Seoane;

---

## **Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 04/04/1970**

Buenos Aires, 4 de abril de 1970

Meu querido amigo:

Entereime polo Alonso Montero que nistes días espón en Madrí. Non dubido do seu éxito. Cómo vai o arranxo de nova casa? Nunha revista madrileña lín o plan urbanístico da Cruña, que é moi interesante. Ollei unha panorámica da cidade onde aparez o edificio onde viven, unha maravilla de lugar.

Mandeille á Fundación Penzol un informe de proieto de pesquisa sobre a prensa da coletividade galega de Bs. As. desde 1879 deica 1960. Vamos ver si o aproban. Traballei nel con dous compañeiros da Faculdade. Pode resultar un estudo interesante.

Coido que o meu traballo en Galicia vai ser sobre a violencia en Galicia, fundamentalmente as rebelións campesinas. Polo de agora estou recollendo información e bibliografía sobre o tema doutros países. Prégolle me envíe a

información que Vd. teña, porque teño que evaluar si é importante o tema e si paga a pena realizalo.

Vin unha revista dirixida por Sigfrido Radaelli, non me lembro o nome, a reprodución en branco e negro do seu retrato do Che.

Da colectividade pouco lle podo dicir, continúo alonxado dela. O xoves santo morreu o Puente. A filla non deu aviso a ninguén, a súa enfermidade estivo chea de pelexas entre a filla e maila muller. Levou a morte que merecía. O Instituto Arxentino de Cultura Galega vai reeditar en long-play os discos da coral "Terra Nosa". Editouse o libro dos Xogos Froraes, naturalmente mui malo. A revista do Centro Galego ten por director a un señor de apelido Barreiro que é membro da C. Directiva. Entereime que o Laxeiro anda por acó, coído que está arranxando unha retrospectiva.

Chegoume a circular sobre a fundación do Museu de Arte C[arlos] Maside. Alégrome muito que a empresa xa esté en marcha. Cando veña veremos que se pode facer pra continuar recollendo material.

Cándo voltan? Unha forte e cordial aperta pra Maruxa e Vd.

Ricardo

P.D. Lembranzas de Inés, Pilar e Martínez Romero.

[Manuscrito na marxe esquerda:] Recebeu o enderezo de Fernández?  
Meu enderezo actual é: Santa Fe 3205- 2º, 32, Cap. Fed. ....

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.